

AREA:LINGUA GALEGA

## GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN

ESTÁNDARES	MÍNIMOS ESIXIBLES
<b>BLOQUE 1. COMUNICACION ORAL: FALAR E ESCOITAR</b>	
LGB1.1.1. Comprende as ideas principais dun texto oral sinxelo, procedentes da radio, da televisión ou de internet, identifica o tema e elabora un resumo.	Comprende a información dun texto de audios identifica o tema e a idea principal para elaborar un resumo.
LGB1.1.2. Comprende o significado literal e inferencial dun texto oral sinxelo, distinguindo, de maneira xeral, información de opinión.	Distingue información de opinión nun texto oral. (LG)
LGB1.2.1. Accede a documentos audiovisuais e dixitais, para obter, seleccionar e clasificar, con certa autonomía, a información relevante e necesaria para realizar traballos ou completar información, valorando os medios de comunicación como instrumento de aprendizaxe.	Atopa e resume información relevante en documentos audiovisuais e dixitais para a realización de traballos.
LGB1.3.1. Interpreta en producións orais a retransca, a ironía e os dobres sentidos.	Identifica expresións irónicas habituais.
LGB1.4.1. Participa axeitadamente nunha conversa entre iguais, comprendendo o que di o interlocutor e intervindo coas propostas propias.	Participa nunha conversa e realiza intervencións coherentes e fundamentadas.
LGB1.4.2. Sigue unha exposición da clase e extrae, de xeito global, as ideas máis destacadas.	Sigue unha explicación e extrae as ideas importantes.
LGB1.2.2. Elabora textos orais sinxelos imitando modelos de calquera medio de comunicación.	Elabora textos orais imitando modelos.
LGB1.4.3. Iníciase na elaboración de pequenas exposicións orais na aula adecuando o discurso ás diferentes necesidades comunicativas (narrar, describir e expoñer), utilizando o dicionario se é preciso.	Narra, describe e/ou expón información de xeito oral. (LG)
LGB1.4.4. Participa activamente no traballo en grupo, así como nos debates.	Participa en diálogos e exposicións orais seguindo modelos dados. (LC) Participa nos debates do traballo grupo. (LG) Usa e adecúa a lingua castelán ao contexto. (LC)
LGB1.4.5. Identifica o grao de formalidade da situación de comunicación e axusta a este a súa produción.	Emprega unha linguaxe adecuada en función do contexto e da intención comunicativa.
LGB1.5.1. Atende as intervencións dos e das demais en actos de fala orais, sen interromper.	Aplica as normas sociocomunicativas no contexto da aula.
LGB1.5.2. Respecta as opinións dos e das demais.	Respecta as opinións dos/das demais.
LGB1.6.1. Respecta as quendas de palabra nos intercambios orais.	Respecta as quendas de palabra.
LGB1.6.2. Respecta as opinións das persoas participantes nos intercambios orais e é consciente da posibilidade de empregar a lingua galega en calquera intercambio oral dentro da escola ou fóra dela.	Esfórzase por empregar a lingua oral dentro dos intercambios da aula.
LGB1.6.3. Emprega unha postura e xestualidade adaptada ao discurso, para reforzalo e facilitar a súa comprensión.	Utiliza xestualización correcta
LGB1.6.4. Exprésase cunha pronuncia e dicción correctas: articulación, ritmo, entoación e volume.	Esfórzase por expresarse con boa pronunciación.
LGB1.6.5. Participa na conversa formulando e contestando preguntas.	Conversa sen saírse dun tema dado e formula preguntas sobre este.

LGB1.7.1. Planifica e elabora un discurso oral coherente, sen contradicións nin repeticións innecesarias, utilizando un vocabulario adecuado á súa idade.	Planifica o seu discurso evitando repeticións e con vocabulario adecuado.
LGB1.7.2. Elaboro un discurso oral cohesivo, utilizando nexos básicos adecuados.	Emprega nexos de unión no discurso oral para darlle cohesión imitando un modelo.
LGB1.7.3. Emprega o rexistro lingüístico (formal ou informal) adecuado a cada contexto.	Emprega o rexistro mais adecuado a cada situación comunicativa imitando modelos dados.
LGB1.7.4. A mosa un discurso oral fluído, claro, cunha pronuncia e entoación axeitada e propia da lingua galega.	Crea discursos propios expresándose con claridade e cunha pronunciación e entoación axeitada á lingua que emprega.
LGB1.8.1. Elaboro textos sinxelos propios dos medios de comunicación.	Conta unha noticia de forma axeitada. (LG) Resume textos informativos de distintos medios con axuda (LC)
LGB1.9.1. Utiliza a expresividade corporal: miradas e postura corporal para reforzar o sentido das súas producións orais.	Mantén a mirada cos demais para reforzar o seu discurso.
LGB1.10.1. A mosa respecto ás ideas dos e das demais e contribúe ao traballo en grupo.	Traballa en grupo e respecta as ideas dos demais.
LGB1.11.1. Interésase por expresarse oralmente coa pronuncia e entoación adecuada a cada acto comunicativo.	Interesase por expresase con claridade
LGB1.12.1. Usa, de maneira xeral, unha linguaxe non sexista.	Emprega unha linguaxe non sexista.
LGB1.12.2. Usa, de maneira xeral, unha linguaxe respectuosa coas diferenzas.	Emprega unha linguaxe respectuosa coas diferenzas.
LGB1.13.1. Recoñece textos orais sinxelos pertencentes a diferentes variedades dialectais moi evidentes da lingua galega.	Recoñece as variedades dialectais en textos orais sinxelos.
LGB1.13.2. Valora as diferenzas dialectais orais da lingua galega como un símbolo de riqueza lingüística e cultural e o estándar como variante unificadora.	Valora o galego normalizado como unificador da lingua e as variedades como riqueza cultural.
LGB1.14.1. Identifica a lingua galega oral con calquera contexto profesional: sanidade, educación, medios de comunicación...	Identifica o uso do galego nos contextos profesionais.
LGB1.14.2. Recoñece a validez da lingua galega para conversas con persoas coñecidas ou descoñecidas.	Valora o uso do galego en calquera contorna.
<b>BLOQUE 2. COMUNICACION ESCRITA: LER</b>	
LGB2.1.1. Comprende a información relevante de textos procedentes dos medios de comunicación social ou propios de situacións cotiás.	Comprende a información importante de textos cotiás escritos.
LGB2.1.2. Identifica as ideas principais e secundarias dun texto (narrativo, descritivo e expositivo).	Identifica as ideas principais e resume os textos narrativos, descritivos e expositivos con axuda
LGB2.1.3. Busca, localiza e selecciona información concreta dun texto sinxelo, deducindo o significado de palabras e expresións polo contexto.	Selecciona información concreta dun texto sinxelo e deduce o significado de palabras polo contexto.
LGB2.1.4. Interpreta, personificacións, hipérboles, ironías e dobres sentidos en textos.	Interpreta ironías e dobres sentidos en textos con axuda
LGB2.1.5. Identifica a estrutura dun texto e recoñece algúns mecanismos de cohesión (repeticións, sinónimos, anáforas).	Identifica a introdución, o no e o desenlace dun texto e a repetición como mecanismo de cohesión.

LGB2.1.6. Identifica o punto de vista do autor ou autora e diferenza, de maneira xeral, información, opinión e publicidade de carácter bastante evidente.	Diferencia entre información, opinión e publicidade. (LG) Elabora a ficha dun texto lido.
LGB2.1.7. Emprega o dicionario para resolver as dúbidas de vocabulario que atopa nos textos.	Emprega o dicionario para resolver dúbidas de vocabulario.
LGB2.1.8. Fai unha lectura rápida, selectiva ou integral en función das necesidades de cada momento.	Diferencia entre lectura rápida, selectiva e integral en función das necesidades. (LG)
LGB2.2.1. Interpreta e comprende, de maneira xeral, a información de gráficos, esquemas sinxelos e ilustracións redundantes, relacionándoa co contido do texto que acompaña.	Comprende a información gráfica que acompaña os textos con axuda.
LGB2.3.1. Realiza o subliñado das ideas principais dun texto sinxelo.	Sinala as ideas principais dun texto. (LG)
LGB2.3.2. Esquematiza as ideas dun texto sinxelo, indicando as ideas principais e secundarias.	Realiza esquemas de ideas principais e secundarias.
LGB2.3.3. Realiza o resumo dun texto sinxelo.	Realiza resumos de textos de diferentes tipoloxías. .
LGB2.4.1. Deduce o posible contido dun texto sinxelo antes de lelo, axudándose do título e as ilustracións.	Deduce o contido do texto en función do título e as ilustracións.
LGB2.4.2. Relé un texto e marca as palabras clave para acadar a comprensión integral, cando é preciso.	Localiza as palabras clave do texto para afianzar a comprensión.
LGB2.5.1. Utiliza as tecnoloxías da información para localizar e seleccionar a información nun texto sinxelo adecuado á súa idade.	Emprega as tic para seleccionar información nun texto.
LGB2.5.2. Utiliza as tecnoloxías da información para organizar a información dun texto sinxelo adecuado á súa idade.	Emprega as tic para organizar a información dun texto.
LGB2.5.3. Utiliza dicionarios dixitais para interpretar a información dun texto.	Emprega dicionarios dixitais.
LGB2.6.1. Realiza diferentes tipos de lectura en función de cada texto: de investigación, de aprendizaxe, de gozo persoal ou de resolución de problemas.	Realiza diferentes tipos de lectura en función do texto dado. (LG) E programa o seu tempo para a lectura (LC)
LGB2.7.1. Descodifica con precisión e rapidez as palabras.	Lee en voz alta con fluidez, precisión, velocidade e entoación adecuada
LGB2.7.2. Le textos en voz alta con fluidez e precisión.	
LGB2.7.3. Le textos en voz alta con ritmo, velocidade e ton da voz adecuados.	
LGB2.7.4. Le en voz alta adaptándose ao interese do auditorio: gozar escoitando, obter nova información...	Le en voz alta adaptándose ao interese do auditorio.
LGB2.7.5. Fai lecturas dramatizadas de textos.	Fai lecturas dramatizadas.
LGB2.8.1. Usa a biblioteca de aula con certa autonomía, para obter datos e informacións, e colabora no seu coidado e mellora.	Coida a biblioteca de aula e emprega para obter información.
LGB2.8.2. Usa a biblioteca de centro con certa autonomía, para obter datos e informacións, e colabora no seu coidado e mellora.	Coida biblioteca de centro e emprega para obter información.

LGB2.8.3. Usa as bibliotecas virtuais, para obter datos e informacións, con certa autonomía.	Usa bibliotecas virtuais con axuda e emprégaas para obter información.
LGB2.9.1. A moza interese pola conservación e organización dos seus libros físicos e/ou virtuais.	Conserva, coida e organiza os seus libros.
LGB2.10.1. A moza interese pola lectura como fonte de aprendizaxe e medio de comunicación.	Interesase pola lectura como medio para aprender.
LGB2.11.1. Selecciona persoalmente as lecturas que desexa realizar e é quen de xustificalas en función dos seus gustos e necesidades.	Explica as súas preferencias lectoras e selecciona os libros que quere ler.
LGB2.11.2. Expresa, de maneira sinxela, opinións e valoracións sobre as lecturas feitas.	Expresa as súas valoracións sobre lecturas feitas.
LGB2.12.1. Identifica, de maneira global, as diferenzas lingüísticas, bastante evidentes, das variedades da lingua galega.	Identifica as diferenzas moi evidentes das variedades dialectais.
LGB2.12.2. Valora a variedade interna da lingua como símbolo de riqueza lingüística e cultural, así como o estándar como variante unificadora.	Valora o galego normalizado como unificador da lingua e as variedades como riqueza cultural.
<b>BLOQUE 3. COMUNICACIÓN ESCRITA: ESCRIBIR</b>	
LGB3.1.1. Planifica a elaboración do texto, antes de comezar a escribir, xerando ideas, seleccionando e estruturando a información, mediante notas, esquemas ou guións.	Planifica a elaboración dun texto antes de comezar a escribir.
LGB3.1.2. Elabora o texto cunha estrutura definida, con coherencia e cohesión, de maneira xeral, os enunciados.	Elabora textos cohesiónados e coherentes. (LG)
LGB3.1.5. Escribe e presenta textos propios elaborando borradores.	Elabora borradores dos seus textos.
LGB3.1.3. Utiliza os signos de puntuación (punto, coma, punto e coma, dous puntos, puntos suspensivos, signos de exclamación e interrogación).	Emprega os signos de puntuación nas súas producións.
LGB3.1.4. Aplica, de maneira xeral, a norma lingüística: ortografía, acentuación, léxico, morfosintaxe e usa, habitualmente, unha linguaxe non sexista.	Aplica as normas lingüísticas básicas.
LGB3.1.6. Usa o dicionario durante a elaboración de textos.	Emprega o dicionario.
LGB3.2.1. Elabora, en diferentes soportes, textos propios da vida cotiá e académica, imitando modelos: cartas e correos electrónicos, mensaxes curtas, normas, notas e invitacións	Elabora textos sinxelos en diversos soportes (cartas, correos electrónicos, normas e invitacións) imitando modelos.
LGB3.2.2. Redacta textos xornalísticos (noticias, crónicas, reportaxes, entrevistas) e (anuncios e carteis), imitando modelos publicitarios moi sinxelos.	Redacta textos xornalísticos (noticias, entrevistas) e publicitarios (anuncios e carteis) imitando modelos.
LGB3.2.3. Crea diferentes tipos de textos (narrativos, expositivos, descritivos ou argumentativos) seguindo un guión establecido e adaptando a linguaxe ás características de cada xénero.	Crea textos creativos propios e ilustraos.
LGB3.4.1. Elabora textos sinxelos que combinan a linguaxe verbal e non verbal: carteis publicitarios, anuncios, cómic, contos, poemas, cancións e anécdotas.	Elabora textos con elementos non verbais como cómics, poemas, contos, anuncios, cancións, carteis e anécdotas.
LGB3.4.2. Escribe textos sinxelos de carácter creativo.	Escribe textos creativos.
LGB3.2.4. Escribe textos coherentes e empregando algúns elementos básicos de cohesión, usando o rexistro adecuado.	Crea diversos tipos de textos segundo o modelo dado (narrativos, descritivos e argumentativos) adaptando a linguaxe.

LGB3.2.5. Resume o contido de textos sinxelos propios do ámbito da vida persoal ou familiar ou dos medios de comunicación.	Resume os seus propios textos.
LGB3.3.1. Elabora textos escritos propios do ámbito académico (cuestionarios, resumos, descrições, explicacións...) para obter, organizar e comunicar información.	Elabora textos académicos (resumen, cuestionarios e explicacións) seguindo o modelo.
LGB3.4.2. Escribe textos sinxelos de carácter creativo.	Escribe textos creativos.
LGB3.4.3. Aprecia polos usos creativos da linguaxe.	Gústalle empregar unha linguaxe creativa.
LGB3.5.1. Busca e selecciona información en diferentes fontes e soportes dixitais.	Busca e selecciona información en soporte dixital.
LGB3.5.2. Emprega procesadores de textos con certa autonomía.	Emprega procesadores de texto con axuda.
LGB3.5.3. Utiliza, habitualmente, correctores de textos.	Emprega correctores de texto
LGB3.5.4. Utiliza as TIC, con certa autonomía, para realizar presentacións elementais.	Emprega as tic para realizar presentación e ilustrar os seus textos.
LGB3.7.1. Coida a presentación dos textos seguindo as normas básicas de presentación establecidas: marxes, disposición no papel, limpeza, calidade caligráfica, separación entre parágrafos, interliñado... en calquera soporte.	Presenta os seus traballos limpos e con normas básicas de presentación.
LGB3.7.2. Valora a lingua escrita como medio de comunicación.	Usa a lingua escrita para comunicarse.
<b>BLOQUE 4. CONECEMENTO DA LINGUA</b>	
LGB4.1.1. Recoñece as diferentes categorías gramaticais pola súa función na lingua: substantivo, artigo, pronome, adxectivo, adverbio, verbo e preposición.	Recoñece as categorías de substantivo, artigo, pronome, adxectivo, adverbio, verbo e preposición.
LGB4.1.2. Conxuga e usa con corrección as formas verbais persoais e non persoais dos verbos.	Emprega os verbos con corrección.
LGB4.1.3. Diferencia as sílabas que conforman cada palabra, diferenciando a sílaba tónica das átonas.	Separa en sílabas e diferencias as sílabas átonas da tónica.
LGB4.1.4. Identifica e clasifica os diferentes tipos de enunciado: declarativo, interrogativo, exclamativo, imperativo.	Clasifica os enunciados en declarativo, interrogativo, exclamativo e imperativo.
LGB4.1.5. Recoñece as oracións simples, comprende o seu significado, utiliza correctamente a concordancia de xénero e número e identifica o verbo e os seus complementos: o suxeito, así como os complementos do nome.	Recoñece os elementos da oración (suxeito, predicado e os seus complementos) o seu significado e emprega a concordancia de xénero e número.
LGB4.2.1. Aplica xeralmente as normas de acentuación xerais e de acentuación diacrítica e aprecia o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas.	Emprega as normas de acentuación e a til diacrítica na maioría dos escritos.
LGB4.2.2. Coñece e utiliza as normas ortográficas, aplicándoas nas súas producións escritas con especial atención nas regras do h, b/v, c/cc, s/x, ll/ix.	Emprega na maioría das súas producións as normas básicas de ortografía.
LGB4.3.1. Emprega con corrección os signos de puntuación, facendo unha valoración dos resultados.	Emprega con corrección os signos de puntuación.
LGB4.3.2. Usa unha sintaxe adecuada nas súas producións.	Redacta textos sinxelos con sintaxe adecuada.

LGB4.3.3. Respecta, de xeito xeral, as normas morfosintácticas de colocación do pronome átono.	Coloca adecuadamente o pronome átono.
LGB4.4.1. Usa diversos conectores básicos entre oracións: causa, consecuencia, finalidade, contradición...	Emprega conectores básicos nas súas producións (para, porque, anque...)
LGB4.4.2. Recoñece determinados procesos de cohesión nos textos: anáfora, sinónimos...	Recoñece procesos de cohesión textual (anáfora e sinónimos.) (LG)
B4.5.1. Identifica, en oracións sinxelas, o papel semántico do suxeito..	Identifica o suxeito das oracións.
B4.5.2. Recoñece se a oración é activa ou pasiva e é quen de facer a transformación dunha noutra.	Transforma as oracións de activa a pasiva e viceversa.
B4.6.1. Transforma un texto sinxelo narrativo de estilo directo noutro de estilo indirecto.	Transforma textos sinxelos de estilo directo a indirecto con axuda.
LGB4.7.1. Usa axeitadamente o dicionario en papel ou dixital para buscar calquera palabra, seleccionando a acepción precisa segundo cada contexto e como consulta ortográfica.	Selecciona adecuadamente as acepcións no dicionario segundo o contexto. (LG)
LGB4.7.2. Recoñece e crea palabras derivadas (prefixación e sufixación) e compostas, identificando e formando familias de palabras.	Recoñece palabras composta e derivadas. Identifica e crea familias de palabras.
LGB4.7.3. Recoñece e usa sinónimos, antónimos, homónimos, palabras polisémicas de uso frecuente, frases feitas, siglas e abreviaturas.	Recoñece e usa con axuda sinónimos, antónimos, homónimos, palabras polisémicas de uso frecuente, frases feitas, siglas e abreviaturas.
LGB4.8.1. Coñece, de xeito xeral, as características máis relevantes (históricas, socioculturais...) da lingua galega.	Coñece algunhas características históricas e socioculturais da lingua galega.
LGB4.8.2. Identifica e valora a lingua galega dentro da realidade plurilingüe e pluricultural de España e de Europa.	Valora o galego dentro do plurilingüismo de España e Europa.
LGB4.9.1. Recoñece, de forma xeral, e evita as interferencias entre as linguas que está a aprender.	<b>Evita interferencias entre as linguas oficiais.</b>
LGB4.9.2 Identifica diferenzas, regularidades e semellanzas, ortográficas e léxicas entre todas as linguas que coñece e/ou está a aprender, como punto de apoio para a súa aprendizaxe.	<b>Identifica diferenzas, regularidades e semellanzas das linguas que coñece.</b>
<b>BLOQUE 5. EDUCACIÓN LITERARIA</b>	
LGB5.1.1. Escoita, memoriza e reproduce textos procedentes da literatura popular oral galega (refrás, adiviñas, lendas, contos, poemas, conxuros, ditos, cantigas) e da literatura galega en xeral	Memoriza e reproduce textos da tradición popular galega. Crea textos literarios a partir de pautas dadas (LC)
LGB5.1.2. Valora os textos da literatura oral galega como fonte de coñecemento da nosa cultura e como recurso de gozo persoal.	Valora a literatura galega como fonte de coñecemento e de gozo.
LGB5.2.1. Le en silencio obras e textos en galego da literatura infantil, adaptacións breves de obras clásicas e literatura actual, adaptadas á idade e en diferentes soportes.	Le en silencio obras literarias en galego adaptadas a súa idade.
LGB5.2.2. Le en voz alta obras e textos en galego da literatura infantil, adaptacións breves de obras clásicas e literatura actual, adaptadas á idade e en diferentes soportes.	Le en voz alta obras literarias en galego adaptadas a súa idade. Realiza dramatizacións (LC)
LGB5.3.1. Identifica as características principais dos diferentes xéneros literarios: narrativa, poesía e teatro.	Recoñece as características dos textos narrativos, poéticos e dramáticos moi sinxelos.
LGB5.3.2. Distingue algúns recursos retóricos e métricos propios dos poemas.	Distingue recursos retóricos e métricos dos poemas.

LGB5.3.3. Identifica e emprega algunhas figuras literarias: comparacións, personificacións, hipérbolos e xogos de palabras.	Identifica as comparacións, personificacións e hipérbolos.
LGB5.3.4. Identifica os temas recorrentes na literatura.	Identifica os principais temas da literatura.
LGB5.4.1. Recrea e compón poemas e relatos, a partir de modelos sinxelos, para comunicar sentimentos, emocións, estados de ánimo e lembranzas.	Compón poemas a través de modelos dados. (para comunicar sentimentos, emocións, estados de ánimo e lembranzas)
LGB5.5.1. Participa activamente en dramatizacións de textos literarios.	Participa en dramatizacións.
LGB5.6.1. Valora a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento e como recurso de gozo persoal.	Valora a literatura como medio de comunicación y como recurso de goce persoal.
LGB5.7.1. Compara imaxes, símbolos e mitos sinxelos doutras culturas cos da cultura galega, amosando interese e respecto.	Compara imaxes, símbolos e mitos das diferentes culturas coa galega.
LGB5.7.2. Amosa curiosidade por coñecer outras costumes e formas de relación social, respectando e valorando a diversidade cultural.	Amosa interese por coñecer costumes e formas de relación doutras culturas.



